

da? ¿Fue una muerte natural o un asesinato? ¿Se extinguió como los dinosaurios o fue sustituida por otra especie? ¿Evolucionó o se convirtió en otra cosa? Si alguna de estas preguntas es correcta, ¿entonces cuando desapareció o cuando empezó la evolución?

Como hemos visto, Emilio Alonso Pimentel se pregunta sobre la existencia de este movimiento y del mismo término *movida*. Pero al final del libro, después de describir y analizar ciertos aspectos, concluye: “foron apenas cento cincuenta ou duacentas persoas as que, coa súa actividade deron vida a aquela movida” (p. 296), “[...] as que fixeron que a cidade se movea a 80 revolucións por minuto” (p. 301). Expone, por outra parte, que la *movida* no desapareció, ni murió, ni se extinguió, sino que, simplemente, evolucionó o se globalizó; es decir, que las actividades características dejaron de ser excepcionales y se irían haciendo cada vez más habituales. Vigo nunca dejó crecer en número de grupos y cada vez iban teniendo menos dificultades en la realización de maquetas, grabaciones, etc. En este sentido, para la difusión de la música o de otras actividades creativas ahora se utiliza cada vez menos la radio y la televisión, ya que estos medios están siendo sustituidos por Internet. Y hoy en día la actividad lúdico-cultural está en niveles mucho más altos que hace algunos años.

Creció la *movida* en una situación muy específica: agotamiento por la lucha antidictatorial y de la construcción de la democracia, desencanto de los resultados de esa lucha, el querer deshacerse de todo lo que caracterizaba los setenta, tuviese o no algo que ver con la transición. Y es también por eso que esa *movida* ya no puede proporcionar el mismo movimiento y por lo tanto la vuelta a los ochenta ya no se puede dar. Concluye el autor diciendo que la *movida* de ahora es la *movida* llamada *15-M*, reacción a las circunstancias socioeconómicas que estamos viviendo, no una reacción lúdica o hedonista.

Por todo lo expuesto creemos que este estudio recupera un movimiento de búsqueda, de rebeldía, de descubrimientos que, poco a poco, se fue normalizando con la llegada de las libertades. Damos nuestra enhorabuena a su autor por no dejar caer en el olvido esa época y a la editorial por apoyar esta iniciativa que nos descubre muchas inquietudes a los que no vivimos en esa *Movida*.

María SOKOLOVA

CALVO, Tucho (2011): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*. A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 472 pp.

Era o mes de setembro de 1982 cando o autor, Tucho Calvo, fixo unha entrevista a Valentín Paz-Andrade que supuxo o xerme deste volume, agora reeditado máis de vinte e catro anos despois da morte do autor de *Galicia como tarefa*. O contido da devandita entrevista compón os vinte e seis capítulos que conforman este libro –orixinalmente publicado en 1998–, vinte e seis etapas do percorrido vital, humano e profesional de Paz-Andrade (1898-1987), figura homenaxeada neste ano das Letras Galegas 2012.

Nado en Lérez, perto de Pontevedra, “o arrabalde con maior tradición literaria” (p. 13), nas primeiras páxinas asistimos á lembranza dos anos da infancia de Valentín, coas impresións do neno sobre a morte do avó e da nai, sobre os seus primeiros mestres que “marcarían o sentido de moitos feitos posteriores” (p. 21) na súa vida. A súa mocidade transcorre en Pontevedra, en cuxo instituto cursou o segundo ensino. O segundo capítulo contén algunhas anécdotas que nos achegan ao Valentín Paz-Andrade estudante aplicado e que escolle a carreira de avogado despois do bacharelato. Xa na etapa universitaria, en Santiago de Compostela, o futuro avogado reconece que era o tempo no que “o movemento galeguista comezou a gañar conversos na hoste escolar” (p. 25); son os últimos anos da década dos 10 e os comezos da dos 20, anos de asembleas e grupos estudantís galeguistas, como o Grupo Autonomista Galego de Estudantes, afín ás Irmandades da Fala, constituídas anos antes.

En 1921 licenciouse en Dereito en Santiago e comezou a exercer a avogacía. 1921 é o ano do desastre de Annual, a derrota do exército español en Marrocos; Paz-Andrade formou parte das tropas e lembra as súas estadias naquel país. Os anos vinte constitúen unha década chea de acontecementos profesionais na vida do avogado Valentín: fúndase o xornal Galicia en 1922, que saíu á rúa o 25 de xullo, día da Patria Galega. A vida desta publicación durará até setembro de 1926 e nese tempo gozaría dun grande éxito no mundo xornalístico galego: “Articulistas como Antón Villar Ponte, Vicente Risco, Antonio Palacios, Ánxel Amor Ruibal [...] forxaron o prestixio popular do xornal” (p. 56).

Coa chegada da Ditadura de Primo de Rivera en 1923, Valentín pasará algunhas noites na ca-

dea, mais o feito central na súa vida será o achegamento ao mundo do mar e da pesca, áreas que non abandonará até o final dos seus días. Produciuse tamén nesta época a súa primeira viaxe a Francia, á Bretaña, para se familiarizar co mundo pesqueiro bretón. Esta etapa remata coa súa adhesión á publicación especializada *Industrias Pesqueras*, da cal sería o director durante moitos anos. E despois da Ditadura chegou a “Ditablanda” en 1930, ano da constitución de Grupo Autonomista Galego. Segundo o testemuño de Paz Andrade, o galeguismo vive dividido a proclamación da República; o feito de non ser elixido deputado por moi poucos votos suporíalle, en opinión de Valentín Paz-Andrade, poder salvar a vida logo do golpe de Estado contra a II República e a sublevación militar de Franco. Porén, durante os anos republicanos sufriría un atentado que estivo a piques de lle custar a vida: “as pistolas vomitaron o seu repique de chumbo, facendo do meu corpo unha peneira” (p. 110).

A chamada “macroditadura” franquista significa unha etapa de temor ás represalias, como a condena a morte de Alexandre Bóveda, e mais os exilios forzosos en diferentes partes de Galicia e mesmo na localidade de Villanueva de la Serena, en Badaxoz. Os mellores recordos destes anos serán o matrimonio e o nacemento do fillo Alfonso. Cómpre remarcar a capacidade de análise social e histórica do homenaxeado; por exemplo, Valentín Paz-Andrade dálle a Tucho Calvo unha sinxela explicación de por que durou o réxime franquista:

Se a visión e a vontade dos vencedores [da Segunda Guerra Mundial] fose outra, a Ditadura en España non duraría máis de dez anos. A prórroga até os corenta foi un regalo que a Franco e a Salazar lle fixeron a invidencia, a irresolución e, con certeza, a desinformación dos próceres de Yalta. (p. 185)

Nas páxinas do volume observamos un Paz-Andrade curioso, intelixente, inquieto. Viaxaría a Brasil, Uruguai e Arxentina a finais dos anos corenta co gallo de pronunciar conferencias sobre o sistema económico e as ciencias sociais. Bos Aires significa o contacto co exilio intelectual galego, que admira: “un exemplo egrexio de lucidez, sacrificio e devoción pola patria que perderan” (p. 206). O cambio de década suponlle a Valentín engadir a actividade para o programa *Fiat Panis* da FAO á súa vida de letrado. Isto sig-

nificaría unha nova estada sudamericana, en Chile, en 1952, para impartir un curso de economía pesqueira. Se o mar foi a canle de escape para a emigración galega –económica e política–, o mundo marítimo é a vía pola cal Paz-Andrade puido percorrer o estranxeiro en numerosas ocasións, por exemplo, México, onde convivió con algúns exiliados galegos en 1954. Tamén viaxaría a Cuba, Venezuela e Colombia, sempre grazas á FAO –que ironicamente nomea “o vaticano da alimentación” (p. 261)–, en calidade de experto nas materias marítimo-pesqueiras.

En 1956 Valentín Paz-Andrade publica un artigo crítico cunha decisión da Marina en *Industrias Pesqueras*; a consecuencia deste feito irá á cadea durante trinta días. Unha experiencia da que o propio Valentín opinaba: “Procurei vivila o máis a fondo que fose posíbel” (p. 265). A súa curiosidade non tiña límites; neste caso reflexionaría sobre o sistema penal e a reinserción dos presos. O ano seguinte, 1957, viaxou a Bos Aires para participar nos actos do cincuenta aniversario da fundación do “Centro Gallego”. Alí puido pronunciar diversas conferencias e mais adquirir un dos lenzos do pintor Laxeiro. A axitada década dos 50 remata co pasamento de Ramón Cabanillas, figura admirada por Valentín, que dedicara unha parte importante dos seus esforzos profesionais en devolverlle a Galicia as oportunidades económicas que necesitaba.

Se os anos 50 foron unha época de frenética actividade como conferenciante, os anos 60 serán os anos das preocupacións económicas e empresariais. Tras o soño frustrado de Petrogasa, nace o proxecto de Pescanova, xunto con José Fernández López, quen presidiría a compañía. O saber de Paz-Andrade e mais os créditos institucionais fixeron posíbel o nacemento dunha compañía pioneira no sector pesqueiro e aínda hoxe entre as máis importantes de Europa, cuxa flota suca os océanos cun nome galego. Nestes anos Valentín sufrirá dous episodios graves para a súa saúde: unha embolia e mais un atropelo. Afortunadamente sen consecuencias, pode publicar o libro de poemas *Sementeira do vento* e, por fin, en 1970 édítase en Madrid *La marginación de Galicia*, que superou case sen trabas a barreira da censura: “sospeitaba que o título non pasaría a censura, se cadra, por se non decatara ben do significado, os do lapis non repararon nel e, en troques, tacharon citas de Xoán XXIII” (p. 370).

O novo decenio, dos anos 70, traxo o desfare-

lamento de réxime franquista e o comezo da Transición. Paz-Andrade, nese intre, traballaba sen descanso sobre a obra de Guimarães Rosa sobre a cal trataría o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. En 1975 recibiu o Pedrón de Ouro polo seu labor galeguista, xusto no ano da morte do ditador. Nos albores da democracia, o escritor participou na Comisión dos Dez, que había de negociar con Adolfo Suárez as cuestións autonómicas, electorais e constitucionais, con personaxes da talla de Jordi Pujol ou Felipe González. Porén, o seu desexo de rehabilitar o Partido Galeguista non foi viábel.

Foi elixido senador por Pontevedra nas Cortes constituíntes en 1977, nunha etapa na cal morren destacados nomes das letras galegas como Otero Pedrayo, Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro. Testemuña de tantas e tantas páxinas da historia galega, Valentín Paz-Andrade morreu en 1987. Firme defensor do galeguismo político e da lingua galega, para a que defendía o vencello co portugués e coa lusofonía: “Postulo que o galego, mesmo gramatical canto lexicoloxicamente, recorra ao portugués. Mais non hei dicir que chegue á identidade coa ramada sobranceira da mesma lingua” (p. 363).

Dúas voces acompañan o lector polas páxinas desta “memoria do século XX”: a de Tucho Calvo e a de Valentín Paz-Andrade. Somos pois testemuñas dun diálogo persoal que vai tecendo a historia do intelectual coa de Galicia. A voz do intelectual Paz-Andrade amósanos algúns dos acontecementos máis salientábeis do derradeiro século: as Ditaduras de Primo de Rivera e Franco, a II República, o exilio galego en Sudamérica, o “desarrollismo” económico dos anos 60 –coa fundación de Pescanova– e, por fin, os difíciles anos da Transición democrática. Atopámonos, pois, ante unha figura chave para comprender as dinámicas específicas do galeguismo político e da intelectualidade galega do século XX. Grazas ao labor de compilación de Tucho Calvo, podemos acceder a esa “memoria” directamente: ler as palabras de Valentín Paz-Andrade –a voz principal da obra– para poder formármonos unha opinión propia sobre os feitos descritos.

Diego MUÑOZ CARROBLES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA (ed.) (2011): *Álvaro Cunqueiro en Ortigueira* (presentación de Ramón Villares e introdución de Claudio Rodríguez Fer).

Entre las numerosas actividades del *Consello da Cultura Galega* para el centenario del nacimiento del ilustre escritor, Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911 - Vigo, 1981), destacamos la edición de una recopilación de artículos, *Álvaro Cunqueiro en Ortigueira*, disponible en versión electrónica en la página web –sección mediateca– de esta institución gallega<sup>1</sup>.

Si bien se trata solamente de una breve selección de ensayos periodísticos, el folleto resulta de gran interés. Se compone de dos partes: “Artigos publicados en *Era Azul*”, que consta de veintidós artículos, escritos entre 1936 y 1937, y “Artigos publicados en *La Voz de Ortigueira*”, donde se reúnen tres artículos de 1951, 1952 y 1953. La presentación de Ramón Villares, Presidente del *Consello da Cultura Galega*, arroja luz sobre la importancia de la edición: esta nos brinda la posibilidad de comprobar, de primera mano, el cambio de ideario político del autor, un intelectual liberal, militante, en los primeros años treinta, en el Partido Galeguista y en las Mocedades Galeguistas, que “amósase aquí coa súa pluma ao servizo do ideario da *Falange* e dos vencedores da Guerra Civil” (p. 7). La primera sección de la publicación testimonia el compromiso fascista de Cunqueiro, mientras la segunda manifiesta justamente lo contrario: el distanciamiento ideológico del autor del régimen, y un estilo más propiamente cunqueiriano, rebotante de culturalismo y de revuelos imaginarios, ya muy alejado del lenguaje propagandístico y belicista de los artículos del semanario *Era Azul: Guión de Falange Española y de la J.O.N.S. de Ortigueira*, del que el autor llegó a ser director.

Precede al libro un muy completo estudio introductorio de Claudio Rodríguez Fer, titulado “Cunqueiro en Ortigueira e Ortigueira en Cunqueiro”. Cabe recordar que Rodríguez Fer es un experto conocedor de los escritos políticos del autor mindoniense con un artículo sobre la etapa política cunqueiriana durante la República y otro sobre la guerra<sup>2</sup>. En esta introducción, el crítico nos guía en la comprobación de los parámetros ideológicos de Cunqueiro a través de sus prime-

<sup>1</sup> [http://consellodacultura.org/mediateca/extras/cunqueiro\\_ortigueira.pdf](http://consellodacultura.org/mediateca/extras/cunqueiro_ortigueira.pdf).

<sup>2</sup> Rodríguez Fer, Claudio (1991): “O nacionalismo galego de Álvaro Cunqueiro”, *A trabe de ouro*, vol. 3, nº 7, pp. 83-89; (1994): “A era azul de Álvaro Cunqueiro”, en *A literatura galega durante a guerra civil*. Vigo: Xerais, pp. 205-224.